

Micromitos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 007: O Graal do Cebreiro

A versión cristianizada do mito do Graal é posterior á súa invención literaria por Chrétien de Troyes en “Le Conte du Graal” (1180-1191). Robert de Boron conecta o Graal coa paixón ao identificalo coa copa na que Xosé de Arimatea recollera o sangue derramado polo Cristo crucificado. Trataríase do cáliz inicial, da santa reliquia primixenia.

Son moitos os lugares —uns douscentos ou máis— que se atribúen posuír o Graal auténtico. O do Cebreiro, o cáliz co que consagrou o crego incrédulo cando se produciu o milagre, é de prata sobredourada, datado, igual que a patena, no s. XII. As redomas onde se conserva a carne e o sangue son de finais do XV.

O asunto reproducése na chamada materia de Bretaña con Galahad como protagonista e no s. XIX popularízase coa ópera Parzival de Richard Wagner. Unha parte da acción sucede no castelo de Monsalvat, lugar que o músico alemán sitúa nas montañas setentrionais de España e onde os cabaleiros gardarían tan prezada reliquia.

É o cáliz do Cebreiro o verdadeiro Graal? O cáliz do escudo de Galicia representa o Graal?

Serie: **Micromitos** . Publicación: *Nós Diario*, 9 de setembro de 2020.

Locución audio: **Rocío Romero Otero**

Your browser does not support the audio element.